

LABORICIA

Captación e retención de talento en Galicia

ESPAZO DE EMPREGO DE ALUMNI USC

<https://laboricia.alumniusc.gal/gl>

¿Qué é Laboricia?

Un portal de emprego creado pola **Asociación de Antigos/as Alumnos/as e Amigos/as da Universidade de Santiago de Compostela (Alumni USC)**, que nace co obxectivo de facilitar a busca de traballo Galicia a universitarios/as e así atraer e reter o talento na nosa comunidade.

¿A quen vai dirixido?

Demandantes de emprego: Persoas con formación universitaria que estean na procura de emprego ou de prácticas en Galicia. Tamén está dirixido de forma particular a persoas con alta cualificación, con formación de nivel postgrao e master ou doutoramento, que poden aportar un elevado valor engadido as empresas e entidades galegas que os precisen, incluso que estean traballando fora de Galicia e desexen volver á nosa comunidade.

Ofertantes de emprego: Entidades galegas ou non galegas, establecidas en Galicia, que buscan persoal con formación cualificada en calquera ámbito e desexan contribuír a conservar o talento na nosa comunidade. Pequenas e grandes empresas, entidades de economía social, despachos profesionais, centros de investigación, axencias e organismos públicos, etc., poden rexistrarse e mostrar as súas propostas de emprego ou prácticas.

Galicia ten moito que ofrecerche e ti tes moito que achegarlle

Máis información: alumni@usc.es

“É fundamental crear plataformas de interacción entre o mercado laboral e os estudantes egresados”

**Antonio López
Reitor da USC**

“Queremos contribuír a que as persoas novas altamente cualificadas poidan quedar na nosa terra”

**Benita Silva
Presidenta de Alumni USC**

“O Consello Social está comprometido co fomento da empregabilidade do noso alumnado, facéndolles partícipes da necesaria adaptación aos valores e á cultura das entidades onde van a realizar tarefas que complementarán a súa formación académica.”

**Cecilia Sierra
Presidenta do Consello Social da USC**

“O voso talento é o motor de crecemento empresarial que Galicia necesita”.

**Juan M. Vieites
Presidente da CEG**